

TALLER

**Dinamización de
ideas de proyectos colaborativos
en digitalización e Industria 4.0**

temáticas destacadas e oportunidades de financiamento

online | 4 de marzo de 2021 | 09:30 h



FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

O Clusaga organiza este taller co obxectivo de promover a xeración de ideas de proxectos de I+D e innovación colaborativos en áreas de especial relevancia para o avance da industria alimentaria galega cara a súa transformación dixital.

O taller comezará coa presentación de convocatorias para a financiación de proxectos de I+D e innovación no marco de programas que apoian a dixitalización e a Industria 4.0.

Seguidamente presentaranse as oportunidades e aplicacións para a industria alimentaria en diversas áreas temáticas relevantes relacionadas coa Industria 4.0.

A parte principal do taller incluírá a realización dunha dinámica por grupos de traballo. Os participantes dividiranse (segundo os seus intereses e preferencias) en 5 grupos, cada un enfocado nunha das temáticas destacadas presentadas. Os participantes en cada grupo colaborarán para esbozar posibles ideas de proxectos (para o que debaterán sobre necesidades a abordar, posibles obxectivos dos proxectos, capacidades necesarias, resultados desexados, etc.).

Este taller organízase no marco do grupo de traballo 2 (GT2) da Comisión de Innovación e I+D, titulado “Novos modelos de produción e comercialización. Innovación en procesos e tecnoloxías. Dixitalización”.

PROGRAMA

4 de marzo de 2021

- 09.30 h **Benvida e presentación do obxectivo do taller**
Roberto Alonso | *Clúster Alimentario de Galicia*
- 09.35 h **Oportunidades de financiación para proxectos de I+D e innovación no eido da Industria 4.0**
Noelia Dosil | *Clúster Alimentario de Galicia*
- 09.50 h **Temáticas destacadas en Industria 4.0: aplicacións e oportunidades**
- Big data e data mining
Álvaro Dosil, Triple Alpha Innovation
 - Optimización de procesos mediante machine learning
Juan Carlos Galán, Instituto Tecnológico de Galicia
 - Sistemas ciberfísicos: smart sensors & xemelgos dixitais
Gonzalo Abuín, Perfect Numbers
 - Sistemas intelixentes de control de produción e calidade
José Rodríguez, ASM SOFT
 - Visión artificial e fotónica avanzada
Hugo Barreiro, Anfaco-Cecopesca
- 10.15 h **Dinámica de grupos para a xeración de ideas de proxectos**
- 11.15 h **Posta en común das ideas xeradas**
- 11.30 h **Conclusións e próximos pasos**
Roberto Alonso | *Xerente do Clúster Alimentario de Galicia*